

## *Política educativa na Unión Europea despois de Maastricht*

---

Miguel Anxo Santos Rego

---

EGAP, Santiago de Compostela, 1997.

**A** educación, entendida como a acción exercida polas xeracións adultas sobre aquelas que non alcanzaron aínda o grao de madurez necesario para a vida social, e que ten por obxecto suscitar e desenvolver no ser humano un certo número de estados físicos, intelectuais e morais que esixen del tanto a sociedade política, no seu conxunto, como o medio ambiente específico para o que está especialmente destinado, entra de cheo, con naturalidade, en Maastricht.

As materias educativas incorpóranse de maneira expresa no Título IX dedicado a «Cultura», no Título XV, sobre «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico», pero tamén afectan, pola súa proximidade ou efectividade, ó Título II relativo á «Libre circulación de persoas, servizos e capitais».

Pero de maneira expresa o Tratado da Unión regula o tema educativo nos artigos 126 e 127, que se refiren, respectivamente, á ca-

lidade de ensino e á formación profesional, permanente e educativa. Ámbolos dous preceptos non mereceron reservas entre os estados que asinaron o Tratado, a diferenza do ocorrido noutras materias.

Entre os principios comunitarios na política educativa da Unión Europea é preciso referirse ó principio xeral de calidade de ensino, o de cooperación interestatal educativa e o de competitividade e converxencia, que orixinarán certas consecuencias como unha maior participación social na xestión da calidade na educación, a apertura das fronteiras nacionais en materia de educación, o fomento dunha sociedade multicultural, etc.

Como sinala López Medel o novo dereito da Educación, que na orde comunitaria se perfila a partir do Tratado da Unión Europea, foi algo máis ca un proceso, é o resultado dun esforzo. E unha longa tarefa de cooperación, ó empezar por materias ou normas estrictamente económicas ou monetarias.

Neste libro, en edición bilingüe (español e inglés), recóllense, dunha maneira científica, algún dos problemas esenciais que presenta o novo marco educativo tralo Tratado da Unión Europea. Como se sinala na introducción do mesmo, a súa orixe atópase nas relacións presentadas nun Simposio, que tivo lugar en San Francisco (Estados Unidos) con ocasión da reunión anual da «American Educational Research Association». A iso engadíronselle outras achegas para ofrecer un texto impreso máis completo e integrado.

Desde un punto de vista sistemático divídese en dez capítulos.

No primeiro capítulo José Ibáñez Martín co título «¿Hay una política europea tras la política educativa comunitaria?», analiza os trazos fundamentais dos elementos de unión dos europeos que deben ser obxecto de especial atención en calquera política educativa e cultural, xa que non pode considerarse a Unión Europea como un simple artificio constituído para darlles resposta a intereses defensivos no militar e no ámbito económico. Europa é un continente con contido que debe esforzarse por redefini-lo lugar da razón na existencia humana, as súas posibilidades e os seus límites.

Terence H. Mc Laughlin, autor do segundo capítulo, examina a problemática da identidade nacional e a educación. Nel ofrécense algunhas reflexións sobre ata qué punto a educación ha de preocuparse polo desenvolvemento da identidade nacional. Súxírese que a afirmación de que a educación debe procura-lo desenvolvemento dunha identidade europea necesita unha importante valoración crítica, á vista da intanxibilidade e da controversia que suscita a idea dunha «identidade europea». Tamén indica Mc Laughlin que a idea de que a educación debería desenvolver unha identidade europea se encontra con obstáculos parecidos ós que se anteponen a unha identidade nacional, e non está claro se a educación

pode defende-lo obxectivo do desenvolvemento dunha identidade europea.

O marco competencial da educación e da cultura no Tratado da Unión Europea é o tema do capítulo terceiro, o autor do cal, Rogelio Medina Rubio, examina a organización político-administrativa no panorama da Europa comunitaria. Afirmar que unha das cuestións máis sensibles na política educativa comunitaria de Maastricht é o deslinde material das competencias que reserva a Unión fronte ós estados membros, co fin de evitar dobres competencias ou o solapamento de potestades sobre unhas mesmas materias.

O principio de subsidiariedade e a política educativa constitúe o contido dos tres seguintes capítulos obra de Gonzalo Jover Olmeda, o primeiro, Pueyo Losa e Lirola Delgado os segundos e Miguel Santos Rego, o terceiro.

Segundo o principio federativo dous ou máis grupos sociais desiguais deben organizarse nunha unidade política superior mediante un vínculo xurídico de pesos e de contrapesos que lles permitan ós máis débiles ou menores conserva-la súa conciencia nacional e as súas propias estruturas culturais lingüísticas, políticas e militares. O principio de subsidiariedade é un principio do que a doutrina social católica fixo bandeira contra totalitarismos e estatalismos. Formulouno sen bautizalo, o Papa Pío XI no parágrafo 35 da encíclica *Quadragesimo anno* nestes termos: «*Daña e perturba gravemente el recto orden social quitar a las comunidades menores e inferiores lo que ellas pueden realizar y ofrecer por si mismas, y atribuirlo a la comunidad mayor y más elevada*».

Foi Juan XXIII, no parágrafo 53 da encíclica *Mater et Magistra*, o que o denominou *principio de función subsidiaria*.

O principio, que ata aí era un principio doutrinal, converteuse nun principio xeral do dereito para a Unión Europea desde o momento en que o Tratado da Unión do 7 de febreiro de 1992, incluíu no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea o novo art. 3.B.


O capítulo cuarto titulado «Significados de subsidiariedad como principio de la política educativa de la Unión Europea», examina a subsidiariedade desde un triple punto de vista: desde o punto de vista xurídico, desde o punto de vista político e por último, desde a súa dimensión pedagóxica.

No capítulo quinto, «La política educativa en la Unión Europea y el Principio de subsidiariedad. Aspectos jurídicos y distintos campos de actuación», obra dos profesores Pueyo Losa y Lirola Delgado, sinalase que a actividade da comunidade en educación veu, desde as súas orixes, marcada pola súa natureza subsidiaria e polo respecto das competencias exclusivas dos estados membros nas cuestións de política educativa e pola súa diversidade lingüística e cultural, realidade que asumiu o Tratado da Unión Europea. Tamén

destacan as importantes novidades que se incorporan nesta materia polo novo artigo 126 do TUE.

Miguel Santos Rego, en «Política educativa en Europa: la subsidiariedad como nuevo marco relacional Estado-Autonomías en España», examina a aplicación do principio nas relacións xurídico-educativas que presenta a configuración do novo estado autonómico que xorde en España trala Constitución de 1978.

Os cambios que en e para a educación universitaria supuxo o Tratado de Maastricht é o contido do capítulo sétimo, obra de José Manuel Touriñán López, no que se analizan, de forma moi detida, os obxectivos e os novos principios que han de presidir-la educación no ámbito da universidade.

Conclúe o libro co artigo «La educación como amalgama de unidad y diversidad», do profesor Asmud L. Stromnes e un epílogo de Torsten Husen no que examina os seus cincuenta anos de investigación educativa e analiza as novas perspectivas nesta materia. 

**Ignacio López-Chaves Castro**

Avogado